

cas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, adoptáronse medidas nacionais específicas a través de diversas ordes, a última das cales é a Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, modificada mediante Orde APA/1901/2006, do 14 de xuño.

En función dos datos existentes, e unha vez constatada a circulación vírica, é preciso modificar o réxime de movemento dos animais vacinados previsto no artigo 7 e no anexo I, así como ampliar a 14 días o período previo cando o movemento se ampare na proba de reacción en cadea da polimerasa (RT-PCR).

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

A Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, queda modificada como segue:

Un. A alínea c) do artigo 7 queda redactada nos seguintes termos:

«c) Os movementos de reses vacinadas con destino a zona libre realizaranse de acordo co indicado nos artigos 4, 5 e 9, e en función da análise de risco previsto no artigo 8.1.b) 2.º»

Dous. Os parágrafos terceiro e cuarto do anexo I quedan redactados como segue:

«Que estivesen protexidos dos ataques de culicoides durante, como mínimo, catorce días antes da data do traslado, e que fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da febre catarral ovina ou a unha proba de reacción en cadea da polimerasa (RT-PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuada con mostras de sangue tomadas, como mínimo, catorce días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

Que se trate de ovinos vacinados contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento. No caso de ovinos vacinados cunha soa dose de vacina inactivada sen que previamente estivesen vacinados con vacina viva, permitírase o movemento entre 30 días e 6 meses tras a vacinación; ou se se trata de animais vacinados con vacina inactivada durante o período de actividade do vector, os animais obxecto de movemento deberán cumprir os requisitos que a continuación se describen para poder realizar o traslado:

a) Animais da especie bovina:

1.º Animais con destino para vida: deberán ter transcorridos 60 días desde a aplicación da segunda dose vacinal ou ben realizar unha toma de mostra a partir dos 25 días da aplicación da segunda dose vacinal, para a realización dun PCR con resultados negativos sen que sexa necesario o illamento.

2.º No caso de animais destinados a espectáculos taurinos de tipo I, autorízase o movemento dos animais vacinados transcorridos cinco días desde a aplicación da segunda dose vacinal.

3.º No caso de animais destinados a espectáculos taurinos de tipo II, deberase realizar a análise de risco

segundo o establecido no artigo 8.1.b) 2.º, de acordo co seguinte:

Se como resultado da análise se conclúe que o espectáculo se vai celebrar nunha comarca onde se determine que non existe vector ou que non existen poboacións suficientes capaces de actuar como transmisores da enfermidade, para proceder ao movemento dos animais deberanse cumprir as condicións requiridas nesta orde para os espectáculos do tipo I.

Se como resultado da análise se conclúe que o espectáculo se vai celebrar nunha comarca onde se determine que existe risco de transmisión da enfermidade, aplicaranse as condicións establecidas neste parágrafo para os animais vacinados con destino para vida.

b) Animais da especie ovina con destino para vida: para autorizar o movemento deberán ter transcorridos 30 días desde a aplicación da segunda dose vacinal en caso de vacinas que se vaian aplicar en dúas doses, ou 30 días tras a aplicación da dose única no caso de vacinación cunha soa dose.

c) No caso doutras especies sensibles que fosen vacinadas aplicaranse igualmente as condicións previstas nas dúas letras anteriores.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de setembro de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17096 *REAL DECRETO 1114/2006, do 29 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos. («BOE» 234, do 30-9-2006.)*

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, establece unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos. Aprobouse, de acordo coa normativa da Unión Europea que regula esta materia, fundamentalmente a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e o conxunto das súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

Recentemente aprobouse a Directiva 2005/84/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2005, pola que se modifica por vixésimo segunda vez a Directiva 76/769/CEE do Consello relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (ftalatos nos xoguetes e artigos de puericultura).

Os ftalatos son aditivos utilizados na fabricación de xoguete e artigos de puericultura e clasifícanse como substancias tóxicas para a reprodución, de categoría 2, de acordo co Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo. Poden liberarse deses artigos como consecuencia de ser introducidos na boca e mastigados por nenos menores de tres anos, e ser absorbidos, podendo producir danos á súa saúde.

Desde 1999 o uso de seis ftalatos en xoguete e artigos de puericultura destinados a ser introducidos na boca por nenos menores de tres anos está prohibido na Unión Europea pola Decisión 1999/815/CE da Comisión, do 7 de decembro, cuxa validez se foi anovando ata a aprobación da Directiva 2005/84/CE.

A Decisión 1999/815/CE aplícase en España por medio das resolucións do Instituto Nacional do Consumo con datas do 15 de decembro de 1999, do 14 de marzo de 2000 e do 20 de marzo de 2001.

Con obxecto de garantir un elevado nivel de protección da saúde dos nenos e tamén co fin de asegurar o funcionamento do mercado interior, aprobouse a Directiva 2005/84/CE xa citada, que garante a continuidade das prohibicións temporais da Decisión 1999/815/CE e establece as limitacións dos distintos tipos de ftalatos.

Neste real decreto introdúcese a categoría de «artigo de puericultura» no ámbito de aplicación do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, co obxecto de establecer as limitacións de ftalatos nestes.

Así mesmo, e fóra do ámbito regulado por este real decreto, introdúcese unha disposición derradeira primeira, mediante a cal se modifica o primeiro parágrafo da disposición adicional única do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, no relativo á aplicación da Orde do 24 de febreiro de 1993, pola que se normalizan a inscrición e o funcionamento do Rexistro de Establecementos e Servizos Pragmáticos, co fin de permitir a súa substitución por outra

norma que sexa aplicable durante o período transitorio previsto na disposición transitoria primeira do mencionado real decreto.

Mediante esta disposición incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/84/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2005.

Na súa elaboración foron oídos os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de setembro de 2006,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se establecen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos.*

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se establecen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 3 queda redactado do seguinte xeito:

«Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Substancias e preparados perigosos»: os que teñan tal consideración por aplicación das definicións contidas no Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas.

b) «Artigo de puericultura»: todo produto destinado a facilitar o sono, a relaxación, a hixiene, a alimentación dos nenos ou o seu aleitamento.»

Dous. Engáñdense ao anexo I –parte 1, os puntos 51 e 52 que figuran a continuación, coas súas correspondentes limitacións:

«Denominación das substancias, dos grupos de substancias ou dos preparados	Limitacións
<p>51. Os ftalatos seguintes (ou outros números CAS e EINECS que engloben a substancia):</p> <p>di(2-etilhexil)ftalato (DEHP) CAS n.º 117-81-7 EINECS n.º 204-211-0</p> <p>dibutilftalato (DBP) CAS n.º 84-74-2 EINECS n.º 201-557-4</p> <p>butilbencilftalato (BBP) CAS n.º 85-68-7 EINECS n.º 201-622-7</p>	<p>Non se poderán utilizar como substancias ou constituíntes de preparados en concentracións superiores ao 0,1% en masa do material plastificado, nos xoguete e artigos de puericultura.</p> <p>Non se poderán comercializar os xoguete e artigos de puericultura que conteñan os ditos ftalatos nunha concentración superior á mencionada anteriormente.</p>
<p>52. Os ftalatos seguintes (ou outros números CAS e EINECS que engloben a substancia):</p> <p>diisononilftalato (DINP) CAS n.º 28553-12-0 e 68515-48-0 EINECS n.º 249-079-5, e 271-090-9</p> <p>diisodecilftalato (DIDP) CAS n.º 26761-40-0 e 68515-49-1 EINECS n.º 247-977-1, e 271-090-4</p> <p>di-n-octilftalato (DNOP) CAS n.º 117-84-0 EINECS n.º 204-214-7</p>	<p>Non se poderán utilizar como substancias ou constituíntes de preparados en concentracións superiores ao 0,1% en masa do material plastificado, nos xoguete e artigos de puericultura que poidan ser introducidos na boca polos nenos.</p> <p>Non se poderán comercializar os xoguete e artigos de puericultura que conteñan os ditos ftalatos nunha concentración superior á mencionada anteriormente.»</p>

Disposición transitoria única. *Prazo de aplicación.*

As limitacións establecidas no artigo único deste real decreto non se aplicarán ata o 16 de xaneiro de 2007.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.*

O primeiro parágrafo da disposición adicional única do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, queda redactado nos seguintes termos:

«Os praguicidas de uso ambiental e os de uso na industria alimentaria, os de uso en hixiene persoal e os desinfectantes de ambientes clínicos e cirúrxicos e os de uso gandeiro adscritos aos rexistros recollidos no Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, e Real decreto 443/1994, do 11 de marzo, seguirán inscribíndose nos seus respectivos rexistros da Dirección Xeral de Saúde Pública e da Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios do Ministerio de Sanidade e Consumo, e da Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, durante o período transitorio establecido na disposición transitoria primeira deste real decreto. Así mesmo, para estes produtos, durante o dito período transitorio e mentres non se aprobe disposición expresa que regule esta materia, seguirá sendo de aplicación a Orde do 24 de febreiro de 1993, pola que se normalizan a inscrición e funcionamento do Rexistro de Establecementos e Servizos Praguicidas.»

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2005/84/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2005, pola que se modifica por vixésimo segunda vez a Directiva 76/769/CEE do Consello relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (ftalatos nos xoguetes e artigos de puericultura).

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de setembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

17097 *REAL DECRETO 1115/2006, do 29 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles.* («BOE» 234, do 30-9-2006.)

O Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles, adaptou a normativa interna á Directiva 71/307/CEE do Consello, do 26 de xullo do 1971, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre as denominacións téxtiles, e ás súas modificacións posteriores. O citado real decreto foi modificado polo Real decreto 396/1990, do 16 de marzo, que incorporou a modificación introducida pola Directiva 87/140/CEE da Comisión, do 6 de febreiro do 1987.

Por outra banda, a Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro do 1996, relativa ás denominacións téxtiles, levou a cabo a codificación na materia e derogou a Directiva 71/307/CEE.

No ano 1997 aprobouse a Directiva 97/37/CE da Comisión, do 19 de xuño, que adaptou ao progreso técnico os anexos I e II da Directiva 96/74/CE, polo que se fixo preciso levar a cabo a obrigada harmonización da normativa interna, realizada por medio do Real decreto 1748/1998, do 31 de xullo, que modificou os anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño.

Posteriormente, mediante a Directiva 2004/34/CE da Comisión, do 23 de marzo de 2004, pola que se modifican, con obxecto de adaptalos ao progreso técnico, os anexos I e II da Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás denominacións téxtiles, incorporouse a fibra polilactida á lista de fibras que figura nos anexos I e II da citada directiva. Neste caso, a adaptación do ordenamento xurídico interno levouse a cabo por medio do Real decreto 2322/2004, do 17 de decembro, polo que se engade a fibra polilactida aos anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles.

Recentemente, aprobouse a Directiva 2006/3/CE da Comisión, do 9 de xaneiro de 2006, pola que se modifican, para a súa adaptación ao progreso técnico, os anexos I e II da Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás denominacións téxtiles, con obxecto de engadir o elastomultiéster á lista de fibras que figura nos seus anexos I e II.

Esta circunstancia fai necesario que se adopten as disposicións oportunas en relación coas denominacións dos produtos téxtiles, para incorporar esta última directiva e garantir a protección dos intereses do consumidor, polo que, mediante esta disposición, se engade o elastomultiéster aos anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, e foron oídas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de setembro de 2006,